

## ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2020/3

DATA: xoves 27 de febreiro de 2020

LUGAR: Salón de plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:44 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SANCHEZ

SECRETARÍA MONICA PICHEL GARCIA, que redacto esta acta.

### ASISTEN

BNG  
ADELINA CES QUINTANS  
TOBIAS BETANZOS REGO  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO  
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA  
PP  
MARIANO MOARES RIAL  
ALICIA CAROU ROMERO  
FRANCISCO RUBIO VICENTE  
PSdeG-PSOE  
MARIA JOSE TEMBRA MUÑIZ  
MARIA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES  
Rianxo en Común-SON  
JULIAN BUSTELO ABUIN  
JULIO ALCALDE HERMO  
Ciudadanos  
SARA MARIA RESUA PATIÑO

### AUSENTES

BNG - RAQUEL GARCIA ABUIN  
PP - GERMAN ALLUT VIDAL  
PSdeG-PSOE - ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA

### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación Acta nº 1/2020 do Pleno en sesión ordinaria do 30/01/2020. Aprobación Acta nº 2/2020 do Pleno en sesión extraordinaria do 16/01/2020.

Este documento asinado por medios electrónicos pode ser cotexado co seu orixinal co Código de Verificación Dixital (CVD) que se indica á marxe na Sede Electrónica do Concello de Rianxo <https://sede.concelloderianxo.gal> (artigo 27.3.c da Lei 39/2015).

doc. 186,363 exp. 2020/G010/000003

## PARTE DE CONTROL

1. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
2. Dación de conta do Informe de seguimento do Plan de axuste 2012-22 no 1º trimestre de 2019
3. Moción Rianxo en Común. Medidas para combater a problemática da fauna salvaxe nas parroquias
4. Moción do grupo municipal BNG: 8 de marzo
5. Rogos e preguntas

## DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2020/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=ZjZCjnYD1Fw>**

## ACORDOS

### PARTE RESOLUTIVA

### **1 APROBACIÓN ACTA Nº 1/2020 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 30/01/2020. APROBACIÓN ACTA Nº 2/2020 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 16/01/2020.**

#### **APROBACIÓN ACTA Nº 1/2020 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 30/01/2020.**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 1/2020 de 30/01/2020.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

#### PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 30/01/2020, Acta nº 1/2020.

#### SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do

secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

#### **APROBACIÓN ACTA Nº 2/2020 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 16/01/2020.**

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 2/2020 de 16/01/2020.

Propónse ao Pleno o seguinte ACORDO:

##### **PRIMEIRO**

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 16/01/2020, Acta nº 2/2020.

##### **SEGUNDO**

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

##### **PARTE DE CONTROL**

#### **1 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/01/2020 ata o 31/01/2020, que comprenden os números 1/2020 ao 63/2020, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 1 da Sesión ordinaria do día 16/01/2020

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

## **2 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE SEGUIMENTO DO PLAN DE AXUSTE 2012-22 NO 4º TRIMESTRE DE 2019**

A Presidencia da conta do informe de intervención de seguimento do plan de axuste 2012-22 no 1º trimestre de 2019

De acordo co artigo 10 do Real Decreto-lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores, dásele conta ao Pleno do informe de Intervención de seguimento do Plan de axuste do 4º trimestre de 2019, remitido ao Ministerio de Facenda o 31/01/2020, cunhas rectificacións realizadas o 03/02/2020:

---

**"Informe trimestral de seguimento do Plan de axuste do artigo 10 da Orde Ministerial do 1 de outubro de 2012. Período: 4º trimestre de 2019**

Expte.: 2020/X998/000023

### **1. NORMATIVA APLICABLE**

- Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigas de información e os procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais
- Real Decreto Lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores
- Orden HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira

### **2. ANTECEDENTES DE FEITO**

Mediante acordo plenario do 30 de marzo de 2012, o Concello de Rianxo aprobou o Plan de Axuste do mecanismo de pago a provedores, de conformidade co regulado no artigo 7 do RD Lei 4/2012, segundo o modelo previsto na Orden HAP/537/2012, do 9 de marzo, pola que se aproban o modelo de certificado individual, o modelo para a súa solicitude e o modelo de plan de axuste.

O Ministerio das Administracións Públicas, a través da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, o 30 de abril de 2012 emitiu informe favorable a este Plan de Axuste.

O desenvolvemento regulamentario ao que se refire o artigo 10 do Real Decreto Lei 7/2012, de marzo, realizouno o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, que no seu artigo 10, recolle que:

*"1. A Administración que teña un plan de axuste acordado co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas*

*durante a súa vixencia deberá remitirle ao dito Ministerio antes do día quince de cada mes, no caso da Comunidade Autónoma, e antes do día quince do primeiro mes de cada trimestre no caso da Corporación Local, información sobre, polo menos, os seguintes extremos:*

*Os avais públicos recibidos e as operacións ou liñas de crédito contratadas identificando a entidade, o crédito total dispoñible e o crédito disposto.*

*A débeda comercial contraída clasificada pola súa antigüidade e o seu vencemento. Así mesmo, incluírase a información sobre os contratos asinados con entidades de crédito para facilitar o pagamento aos provedores*

*As operacións con derivados.*

*Calquera outro pasivo continxente.*

*A análise das desviacións producidas no calendario de execución ou nas medidas do plan de axuste.*

*2. No caso de que sexa unha comunidade ...*

*3. As Corporacións Locais remitiranlle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas antes do día quince de xaneiro de cada ano ou antes do día quince do primeiro mes de cada trimestre, no caso das Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o informe sobre a execución do plan de axuste, co seguinte contido mínimo:*

*O resumo trimestral do estado de execución do orzamento. No caso das Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, tamén incluírase a información sobre a previsión da liquidación do exercicio, tendo en conta a execución trimestral acumulada.*

*Execución das medidas de ingresos e gastos previstos no Plan e, no seu caso, das medidas adicionais adoptadas.*

*Comparación dos datos informativos anteriores coas previsións contidas no Plan para ese ano e a explicación, se é o caso, das desviacións ".*

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, liberou a plataforma de captura de datos relativa ao Informe de seguimento do plan de axuste aprobado e outra información, conforme aos apartados 4 e 6 da disposición adicional primeira da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, plataforma que estará dispoñible ata o 31 de xaneiro deste ano.

Hai que poñer de manifesto que a contabilidade non está pechada, afectando especialmente aos ingresos, polo que os resultados deste informe teñen o carácter de provisionais, debendo contrastarse cos que se deriven da liquidación do exercicio 2019.

### **3. INFORME**

#### **3.1 Cuantificación das medidas previstas no Plan de Axuste**

##### **3.2.1 Medidas de ingresos**

A información a subministrar no seguimento trimestral do Plan de Axuste, de conformidade co regulador no artigo 10 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, é a seguinte, coas explicacións que se indican ao pé de cada cadro:

Descripción medida de ingresos	Dato del plan de ajuste	Ajustes acumulados en ejercicios anteriores	Ejecución trimestral realizada (acumulada)				Proyección anual 2019 estimada	Ajustes acumulados hasta el presente ejercicio	Desviación de la estimación anual / plan de ajuste
			1 trimestre	2 trimestre	3 trimestre	4 trimestre			
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exenciones y bonificaciones voluntarias,	<b>674,92</b>	792,80	0,00	0,00	0,00	-192,63	-192,63	<b>600,17</b>	<b>-4,92%</b>
Medida 2: Refuerzo de la eficacia de la recaudación ejecutiva y voluntaria (firma de convenios de colaboración con Estado y/o CCAA)	<b>528,38</b>	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>	<b>-100,00%</b>
Medida 3: Potenciar la inspección tributaria para descubrir hechos imposables no gravados	<b>0,00</b>	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>	<b>0,00%</b>
Medida 4: Correcta financiación de tasas y precios públicos	<b>0,00</b>	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>	<b>0,00%</b>
Medida 5: Otras medidas por el lado de los ingresos	<b>0,00</b>	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	<b>0,00</b>	<b>0,00%</b>
<b>AHORRO TOTAL GENERADO POR LAS MEDIDAS relativas a ingresos CORRIENTES</b>	<b>0,00</b>	850,19	0,00	0,00	0,00	-192,63	-192,63	<b>657,56</b>	<b>0,00%</b>
<b>Ahorro total generado por las medidas relativas a ingresos</b>	<b>1.203,30</b>	<b>792,80</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>-192,63</b>	<b>-192,63</b>	<b>600,17</b>	<b>-46,67%</b>

### Medida 1. Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias

A continuación se presentan os datos contabilizados a data do 31/01/2020, con carácter provisional por estar pendente o peche da contabilidade.

As medidas adoptadas en relación ao IBI do exercicio 2019 foron as seguintes:

- Aumento da base liquidable como consecuencia da redución do coeficiente reductor derivado da Ponencia de Valores aprobada en 2012.
- Redución do tipo de gravame para compensar o incremento da cota derivada do punto anterior.

Non obstante, ponse de manifesto que a contabilidade non está pechada e que, polo tanto, quedan ingresos pendentes de imputar orzamentariamente, o que supón que na liquidación os datos poden variar.

As medidas de carácter tributario no Plan de Axuste sustentábanse principalmente no IBI, que foi o principal motor do incremento dos ingresos correntes e do aforro municipal.

No informe de seguimento do Plan de Axuste do cuarto trimestre de 2017, púxose de manifesto o seguinte:

*"Aínda que ata o 2016 os aforros xerados por esta medida superaron as previsións do Plan de Axuste, en 2017, o dito aforro acumulado descende e toma valores inferiores aos previstos no plan. O ano 2017 é o segundo ano*

*consecutivo no que os aumentos dos dereitos do IBI recoñecidos do IBI polos efectos da ponencia de valores compensáronse cos efectos da redución do tipo impositivo. Aínda que as previsións continuaron sendo de incremento das liquidacións e da recadación, o aforro acumulado neste ano caeu por debaixo da estimación nun -11,58 por cento. Esta medida debe ser avaliada no futuro para que non implique un cambio de tendencia, xa que para garantir a estabilidade orzamentaria e a sostibilidade financeira e comercial, é fundamental manter un nivel de ingresos correntes que sexa capaz de financiar os gastos fixos do concello cuxa tendencia é, en xeral, ascendente.”*

No informe de seguimento do Plan de Axuste do cuarto trimestre de 2018, indicábase que a dita situación revertíase, xa que o incremento da recadación supuxo un novo aumento do aforro acumulado desde o exercicio 2011. Non obstante, o dito informe chamaba a atención sobre o carácter extraordinario do aumento deses ingresos:

*“Pois ben, a dita tendencia invertíuse, aínda que quedará valorar na liquidación do exercicio a ponderación dos ingresos de carácter extraordinario sobre o total, xa que a tendencia crecente debe realizarse nos ingresos de carácter ordinario e recorrente”.*

Na liquidación do exercicio 2018, efectivamente, púxose de manifesto que o incremento dos dereitos recoñecidos do IBI débéronse, fundamentalmente, ás liquidacións de carácter extraordinario, de feito, as previsións do orzamento dese exercicio non se cumpriron a pesar de que as liquidacións derivadas da regularización catastral superaron as estimacións iniciais:

IBI	PI	DRN	DRN-PI
IBI tendencial	1.392.102,07	1.019.750,33	-372.351,74
IBI liquidacións extraordinarias	252.880,00	525.440,65	272.560,65
<b>Total</b>	<b>1.644.982,07</b>	<b>1.545.190,98</b>	<b>-99.791,09</b>

PI: previsións iniciais

DRN: dereitos recoñecidos netos

Cos datos rexistrados ata agora na contabilidade, aínda que o aforro acumulado (641,66 m€) segue a ser maior que en 2017 (434,90 m€), redúcese por debaixo do exercicio 2018 (834,29 m€):

IBI e IVTM MEDIDA 1	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
DRN previstos Plan ajuste	1.649.399,15	1.667.889,15	1.741.339,15	1.849.589,15	1.958.349,15	2.049.839,15	2.159.819,15	2.159.820,15	2.324.319,15
Medida prev. Plan ajuste	1.649.399,15	18.490,00	91.940,00	200.190,00	308.950,00	400.440,00	491.930,00	583.430,00	674.920,00
Prev. Anual Informe seguim/DRN	1.649.399,15		1.857.378,93	2.035.555,40	2.155.700,40	2.141.686,47	2.084.295,13	2.483.691,41	2.291.062,68
Ahorro anual Informe seguim	0,00	0,00	207.979,78	386.156,25	506.301,25	492.287,32	434.895,98	834.292,26	641.663,53
Ahorro anual informado Inf Seg	0,00	0,00	1.336.540,00	386.156,25	506.301,25	492.287,32	434.895,98	834.292,26	641.663,53
Proyección anual Informe seguim		0,00	1.336.540,00	-950.383,75	120.145,00	-14.013,93	-57.391,34	399.396,28	-192.628,73
Proyección trimestral				-950.383,75	0,00	-3.232,54	-57.391,34	399.396,28	-192.628,73

Concepto	Proxección anual 2019	DRN contab a 31/12/2019
Ibi R	348.434,69	333.041,23
Ibi U	1.472.581,86	1.393.164,40
Ibi ICE	9.983,67	9.983,67
IVTM	556.528,90	554.873,38
<b>Total</b>	<b>2.387.529,12</b>	<b>2.291.062,68</b>


Polo tanto, a principal medida pola parte dos ingresos, contribuíu decisivamente á xeración de aforro municipal, pero as reducións do tipo de gravame supuxero unha redución interanual. Ponse especial énfase na vixilancia sobre estas medidas fiscais, para que, xunto coas que se leven a cabo polo lado dos gastos non supoñan incumprimentos no obxectivo de estabilidade orzamentaria. Xa se adianta neste informe que no exercicio 2019 non se aplicou ningunha redución do tipo de gravame do IBI con efectos en 2020, a diferenza dos últimos anos, de modo que se espera un aumento dos dereitos recoñecidos netos a causa dos efectos da Ponencia de Valores de 2012.

## Medida 2. Refuerzo da eficacia da recadación executiva e voluntaria (sinatura de convenios de colaboración co Estado e/ou CCAA)

Non se coñece ningunha medida ao respecto.

## Ingresos correntes

Os datos provisinais da contabilidade arroxan unha redución do 8,23 por cento dos ingresos correntes con respecto do Plan de Axuste para 2019. Os ingresos non financeiros redúcense nun 3,43 por cento, polo efecto do incremento dos ingresos de capital. Haberá que esperar aos resultados da liquidación orzamentaria, xa que quedan dereitos recoñecidos pendentes de contabilización.



Informe trimestral de seguimiento de ingresos del Ejercicio: 2019

En miles de euros.

La obligación de remisión sólo afecta al cuarto trimestre (en términos acumulados) al ser de periodicidad anual el envío del informe sobre la ejecución del plan de ajuste.

Ingresos	Datos de liquidación ejercicio 2018	Datos del plan de ajuste	Ejecución trimestral realizada de derechos reconocidos netos (datos acumulados)				Proyección anual 2019 estimada (*)	Desviación de la estimación anual al plan de ajuste
			1 trimestre	2 trimestre	3 trimestre	4 trimestre		
Ingresos corrientes:	7.649,90	6.653,22	0,00	0,00	0,00	6.105,57	6.105,57	-8,23 %
Ingresos de capital:	462,98	119,70	0,00	0,00	0,00	434,93	434,93	-263,35 %
Ingresos no financieros:	8.112,88	6.772,92	0,00	0,00	0,00	6.540,50	6.540,50	-3,43 %
Ingresos financieros:	429,61	0,00	0,00	0,00	0,00	1.601,65	1.601,65	9,00 %
<b>Ingresos Totales:</b>	<b>8.542,49</b>	<b>6.772,92</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>8.142,15</b>	<b>8.142,15</b>	<b>-20,22 %</b>
Ingresos generados derivados de las medidas de ajuste en relación al año inicial		1.203,35	792,80	792,80	792,80	600,17	600,17	-50,12 %
Ingresos generados derivados del propio ejercicio de la actividad económica		5.569,62	0,00	0,00	0,00	7.541,98	7.541,98	35,41 %

(\*) Debería realizarse a partir de la ejecución realizada y la estimación de los efectos de las medidas del plan de ajuste.

Ajustes en ingresos propuestos en el plan

Ver ejemplo (Nota 1)

En miles de euros.

Conforme al artículo 10 de la Orden HAP/2105/2012, el análisis de las desviaciones producidas en el calendario de ejecución o en las medidas del plan de ajuste deberá remitirse con periodicidad trimestral.

Descripción medida de ingresos	Datos del plan de ajuste	Ajustes acumulados en ejercicios anteriores	Ejecución trimestral realizada (acumulada)(*)				Proyección anual 2019 estimada (*)	Ajustes acumulados hasta el presente ejercicio	Desviación de la estimación anual al plan de ajuste
			1 trimestre	2 trimestre	3 trimestre	4 trimestre			



### 3.2.2 Medidas de gastos

Descripción medida de gastos	Dato del plan de ajuste	Ajustes acumulados en ejercicios anteriores	Ejecución trimestral realizada (acumulada)				Proyección anual 2019 estimada	Ajustes acumulados hasta el presente ejercicio	Desviación de la estimación anual / plan de ajuste
			1 trimestre	2 trimestre	3 trimestre	4 trimestre			
Ahorro en capítulo 1 (medidas 1,2,3,4,5 y 6)	322,44	283,29	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	283,29	-12,14%
Ahorro en capítulo 2 (medidas 7,9,10,12,13,14 y 15)	87,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-100,00%
Ahorro en capítulo 4 (medida 8)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
Ahorro en capítulo 6 (medida 11)	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
Ahorro en otras medidas de gasto (medida 16)	52,06	-153,92	0,00	0,00	0,00	-14,71	-14,71	-168,63	-439,47%
De ellas (medida 16) otras medidas de gasto corriente		0,00					-14,71		
De ellas (medida 16) otras medidas de gasto no corriente									
<b>AHORRO TOTAL GENERADO POR LAS MEDIDAS relativas a gastos CORRIENTES</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>-14,71</b>	<b>-14,71</b>		
<b>Ahorro total generado por las medidas relativas a gastos</b>	<b>461,50</b>	<b>129,37</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>-14,71</b>	<b>-14,71</b>	<b>114,66</b>	<b>-75,15%</b>

#### Medida 1. Reducción de custos de persoal (reducción de salarios ou efectivo)

Nos informes de seguimento de 2014, fixéronse constar as seguintes limitacións en canto á cuantificación desta medida:

*"Nos informes de seguimento anuais anteriores rexístrouse un importe anual de aforro para o que non se presenta o detalle de cálculo. A esta dificultade engádesse que o importe das obrigacións recoñecidas no capítulo 1 non serve de referencia, xa que se debería eliminar o gasto subvencionado. Deste xeito, decide calcular o aforro anual de 2014 con respecto ao 2013, co que o aforro acumulado desde o ano 2011 determínase engadindo ese importe aos datos informados no informe de seguimento do ano anterior (2013).*

*No 2013 aprobouse a depreciación de dous empregos para persoal, lugares que non foron incluídos no anexo de persoal para 2014. Aínda que o orzamento do exercicio actual entrou en vigor o 10/10/2014, as súas previsións xa serven para estimar as obrigacións recoñecidas netas, xa que o 30/09/2014 a aprobación xa se elevou á definitiva.*

Núm. PEEPR	Praza	Programa de gasto
07	Oficial condutor 1 <sup>a</sup>	453
15	Operario/a limpeza	231

Para calcular o aforro 2014-13 aplicase a seguinte metodoloxía:

**1. Cálculo dos gastos realizados en 2013 para estas prazas, xa que foron amortizadas logo de quedar desocupadas, o que pasou durante o exercicio.**

*Isto determínase a partir da aplicación informática de nóminas, o gasto realizado polos traballadores que ocuparon esas prazas (códigos de empregados núm. 6360 e 2740, respectivamente).*

**2. Cálculo de que parte do crédito asignado a ditas prazas foi transferida a outras aplicacións orzamentarias do persoal.**

*Se é así, aínda que os traballadores afectados pola amortización das prazas non xeraran un gasto, haberá un gasto maior derivado do uso destes aforros.*

**3. Cálculo do gasto realizado no 2014 para estas prazas.**

*Dado que en 2014 non había ningún crédito nestas prazas, xa que foron amortizados, o gasto é necesariamente cero ".*

Para realizar a cuantificación desta medida no 2019, hai que ter en conta que non se amortizou ningunha praza adicional, polo que a previsión de aforro acumulada para o 2019-11 será o mesmo que para o período 2018-11.

**Rafaela Alcalde Varela**  
(cód: 2740 y prog.231)

PEEPR núm. 15											
	ORN 2013	CI 2014	Aforro 2014-13	CI 2015	Aforro 2015-14	CI 2016	Aforro 2016-15	CI 2017	Aforro 2017-16	CI 2018	Aforro 2018-17
Custos retributivos	12.518,78	0,00	12.518,78	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SS	1.318,96	0,00	1.318,96	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Retribu transferidas a outro persoal	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Total</b>	<b>13.837,74</b>	<b>0,00</b>	<b>13.837,74</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

**José Mª Rial Rguz** (cód: 6360 y prog. 453)

PEEPR núm. 07											
	ORN 2013	CI 2014	Aforro 2014-13	CI 2015	Aforro 2015-14	CI 2016	Aforro 2016-15	CI 2017	Aforro 2017-16	CI 2018	Aforro 2018-17
Custos retributivos	5.054,56	0,00	5.054,56	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
SS	1.837,25	0,00	1.837,25	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Retribu transferidas a outro persoal	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Total</b>	<b>6.891,81</b>	<b>0,00</b>	<b>6.891,81</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

Gastos de persoal Medida 1	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
Gasto previsto/realizado Plan Ajuste	2.451.208,00	2.188.808,00	2.128.768,00	2.128.768,00	2.128.768,00	2.128.768,00	2.128.768,00	2.128.768,00
Ahorro previsto Plan Ajuste		262.400,00	322.440,00	322.440,00	322.440,00	322.440,00	322.440,00	322.440,00
Variación ahorro anual Plan Ajuste		262.400,00	60.040,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Ahorro anual informado Inf Seg	0,00	262.560,00	262.560,00	283.289,55	283.289,55	283.289,55	283.289,55	283.290,55
Proyección anual Informe seguim		262.560,00	0,00	20.729,55	0,00	0,00	0,00	0,00
Proyección trimestral				20.729,55	0,00	0,00	0,00	0,00

#### Medida 10. Reducción de contratos menores

A data de hoxe tense coñecemento da preparación de varias licitacións relativas a servizos con importancia económica importante, pero que non chegaron á fase de aprobación do expediente. Polo tanto, non se establece ningunha prvisión, polo de agora.

#### Medida 11. Non execución de investimento previsto inicialmente

Non se ten coñecemento deste tipo de medidas.

#### Medida 16. Outras medidas polo lado dos gastos

Esta medida, de carácter xenérico, que consisten na redución do capítulo 4 de gastos, pódese avaliar tendo en conta, unicamente, previsións definitivas do capítulo 4, aínda que se trata do orzamento prorrogado. Así, levouse a cabo unha comparativa entre os datos da contabilidade dos exercicios pechados e os datos dos informes de seguimento. A continuación, amósase ese proceso:

Transferencias Medida 16	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Gasto previsto/realizado	101.158,44	73.779,03	115.740,66	145.956,94	102.249,32	115.773,95	135.107,16	263.182,43	277.895,10
Medida prev. Plan ajuste	0,00	40.000,00	52.060,00	52.060,00	52.060,00	52.060,00	52.060,00	52.060,00	52.060,00
Prev. Anual Informe seguim/DRN	0,00	40.000,00	0,00	49.098,44	49.098,44	49.098,44	49.098,44	49.098,44	49.098,44
Ahorro anual Informe seguim	0,00	27.379,41	-14.582,22	-44.798,50	-1.090,88	-14.615,51	-33.948,72	-162.023,99	-176.736,66
Ahorro anual informado Inf Seg	0,00	40.000,00	40.000,00	-44.798,50	-1.090,88	-14.615,51	-33.948,72	-162.023,99	-176.736,66
Proyección anual Informe seguim		40.000,00	0,00	-84.798,50	43.707,62	-13.524,63	-19.333,21	-128.075,27	-14.712,67
Proyección trimestral				-84.798,50	0,00	-13.524,63	-19.333,21	-128.075,27	-14.712,67

Desde o exercicio 2011, realmente non se produciu unha redución de transferencias e subvencións en termos acumulados. No ano 2015, aínda que, con desaforro con respecto do 2011, reduciuse o gasto anual, pero no exercicio 2016, novamente incrementouse. Hai que indicar que este aumento non só responde á actividade de fomento do concello, senón tamén a outro tipo de motivos, no que destaca o novo sistema de financiamento da escola infantil. Neste último caso, produciuse un incremento da achega ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, xa que de non achegar practicamente nada, actualmente o custo ascende a 88.000 € anuais. Esta situación xa se deu no exercicio 2018.

### Gastos correntes

Con respecto ao comportamento dos gastos correntes, produciuse un incremento moi relevante dos gastos con respecto das previsións do Plan de Axuste para o exercicio 2019, xa que a dita desviación é do 50,52 por cento. Repítese o mesmo comportamento que en 2018, pero con maior intensidade, pois o ano pasado a desviación dos gastos correntes con respecto da estimación prevista no Plan de Axuste foi do 31,63 por cento.

No resto de categorías prodúcese o mesmo comportamento: importante desviación con respecto da previsión do Plan de Axuste.

O balance dunha redución de ingresos e incremento de gastos pon en risco os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Seguimiento del plan de ajuste - Mozilla Firefox

https://serviciostematicosext.hacienda.gob.es/sgclief/pagosproveedores/SeguimientoGastosV.aspx

COMISSARÍA XERAL DE ECONOMÍA E FINANZAS

PLANES DE AJUSTE

Usuario: 11-15-072-AA-000-Rianxo

Informe trimestral de seguimiento de gastos del Ejercicio: 2019

Gastos

En miles de euros.

La obligación de remisión sólo afecta al cuarto trimestre (en términos acumulados) al ser de periodicidad anual el envío del informe sobre la ejecución del plan de ajuste.

Gastos	Datos de liquidación ejercicio 2019	Datos del plan de ajuste	Ejecución trimestral realizada obligaciones reconocidas netas (acumulada)				Proyección anual 2019 estimada	Desviación de la estimación anual plan de ajuste
			1 trimestre	2 trimestre	3 trimestre	4 trimestre		
Gastos corrientes:	6.817,59	4.893,93	0,0	0,0	0,0	7.366,75	7.366,75	50,52 %
Gastos de capital:	1.314,92	126,00	0,0	0,0	0,0	3.103,94	3.103,94	238,44 %
Gastos no financieros:	8.132,51	5.019,93	0,0	0,0	0,0	10.470,69	10.470,69	108,58 %
Gastos operaciones financieras:	649,54	149,33	0,0	0,0	0,0	4,89	4,89	-97,11 %
<b>Gastos Totales (1)</b>	<b>8.782,05</b>	<b>5.189,26</b>	<b>0,0</b>	<b>0,0</b>	<b>0,0</b>	<b>10.475,58</b>	<b>10.475,58</b>	<b>101,87 %</b>
<b>Gastos generados derivados de las medidas de ajuste (2)</b>		<b>-461,50</b>	<b>-129,37</b>	<b>-129,37</b>	<b>-129,37</b>	<b>-114,66</b>	<b>-114,66</b>	<b>-75,15 %</b>
<b>Gastos generados derivados del propio ejercicio de la actividad económica(3)(1)-(2)</b>		<b>5.650,76</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>10.590,24</b>	<b>10.590,24</b>	<b>101,87 %</b>
Sólo obligaciones pendientes de aplicar al plan al final de cada trimestre:	684,62	0,00				962,82	962,82	0,00 %
Periodo medio de pago a proveedores (en días):		0,00				51,49	51,49	0,00 %
Gasto corriente financiado con remanente de tesorería (afectado por gastos generales):						369,65	369,65	

Ajustes en Gastos propuestos en el plan

En miles de euros.

Conforme al artículo 10 de la Orden HAP/2105/2012, el análisis de las desviaciones producidas en el calendario de ejecución o en las medidas del plan de ajuste deberá remitirse con periodicidad trimestral.

### 3.2.3 Magnitudes orzamentarias e de endebedamento

Cantidades en miles de euros	Dato del plan de ajuste	Deuda viva a 31/12/2019	Desviación de la estimación anual/plan de ajuste
<b>Deuda viva</b>	364,48	2.493,11	584,02%
<b>A corto plazo (operaciones de tesorería)</b>	0,00	0,00	0,00%
<b>A largo plazo</b>	364,48	2.493,11	584,02%
<b>Operación de endeudamiento FF.PP.</b>	0,00	0,00	0,00%
<b>Resto de operaciones endeudamiento a largo plazo</b>	0,00	2.493,11	0,00%

O máis destacable deste apartado é o tipo de endebedamento municipal. Así, se no Plan de Axuste estimábase que a única débeda financeira que tería o concello sería a do pago a provedores co Fondo de Financiamento do Pago a Provedores (FFPP), a realidade é outra. A débeda co dito organismo é nula e asumíuse unha débeda financeira, tanto con entidades financeiras como con Administracións Públicas, como é o caso da Deputación. Esta entidade está ofrecendo nos seus plans anuais de obras e servizos, préstamos a longo prazo para amortizar anticipadamente débeda bancaria ou para acometer investimentos.

O resultado do comportamento descrito anteriormente dos gastos e dos ingresos, dá lugar a unha estimación dun aforro neto negativo e un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Non obstante, en canto aos datos do aforro, aínda que indicar novamente, que a contabilidade non está pechada e poderían alterarse os datos definitivos. Non obstante, si estimo un empeoramento destas magnitudes e, en todo caso, un incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Descripción	Plan de ajuste	2018	Variación
Ahorro bruto	1.759,29	-1.261,18	-171,68%
Ahorro neto	1.589,96	-1.261,18	-179,32%
Ahorro neto después de aplicar el remanente de t <sup>a</sup>		-891,53	0,00%
Saldo de operaciones no financieras	-1.752,99	-3.930,19	-324,19%
Ajustes SEC	-395,66	545,79	-237,94%
Capacidad/necesidad de financiación	1.357,33	-3.384,40	-349,34%

### 3.2.4 Avance do remanente de tesorería

O dato do remanente de tesourería prevese negativo, considerando os ingresos pendentes de aplicar rexistrados, pero o feito de que non está pechada a aplicación orzamentaria da recadación, o signo desta magnitude pode altarse a positivo. En calquera caso, estímase un empeoramento desta magnitude con respecto do exercicio 2018.

Cantidades en miles de euros	Datos del Plan de ajuste	Avance	Desviación (%)
Remanente de 1ª gastos generales	1.482,13	-61,56	-104,15
Exceso de financiación afectada		207,26	
Salvos de dudoso cobro	257,23	1.385,78	438,73

### 3.3 Información de avales recibidos del sector público

Non consta que se recibiran.

### 3.4 Información sobre operaciones o líneas de crédito contratadas y contratos suscritos con entidades de crédito para facilitar el pago a proveedores

Actualizouse a CIR local certificando la deuda viva a 31/12/2019.

### 3.5 Informe trimestral do seguimento da débeda comercial

Obligaciones reconocidas pendientes de pago clasificadas por antigüedad	Antigüedad (fecha de recepción de facturas)							Total
	2018				2017	2016	Ejercicios anteriores	
	1T	2T	3T	4T				
Capítulo 2	2,65	5,58	309,02	456,47	1,40	0,00	0,00	<b>775,12</b>
Capítulo 6	0,00	1,54	2,65	76,21	0,00	0,00	0,00	<b>80,40</b>
Otra deuda comercial	0,00	0,00	4,94	0,00	0,00	0,00	0,00	<b>4,94</b>
<b>Total</b>	<b>2,65</b>	<b>7,12</b>	<b>316,61</b>	<b>532,68</b>	<b>1,40</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>860,46</b>

Tamén pregunta o formulario da plataforma polo cumprimento da obriga de remisión dos informes da lei contra a morosidade a través da mesma. A resposta foir negativa, debido á falta de remisión dos informes de morosidade.

### 3.6 Información sobre operacións con derivados e outro pasivo continxente

Consignouse a contía reclamada xudicialmente pola liquidación da concesión da piscina xa finalizada polo importe reclamado, xa que no 2020 recibíuse unha sentenza desfavorable para o concello.

### 3.7 Plazo previsto de finalización do plan de axuste

Unha vez cancelados os préstamos vinculados ao Plan de Axuste co FFPP, queda o cumprimento dos

requisitos do artigo 3.4 RD-lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia:

- Estabilidade orzamentaria
- Regla de gasto
- Período medio de pago

Non se estima o cumprimento de ningún obxectivo, polo que se mantén a vixencia do Plan de Axuste.

### **3.8 Publicidade do informe de seguimento**

Segundo o artigo RD-lei 7/2012, este informe deberá elevarse ao Pleno para a súa dación de conta.

Os datos contidos no mesmo, e o propio informe explicativo en formato pdf, deben volcarse na plataforma telemática de captura de datos habilitada ao efecto e asinarse pola Intervención a remisión, finalizando o prazo o 31 de xaneiro de 2020.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

### **3 MOCIÓN RIANXO EN COMÚN. MEDIDAS PARA COMBATER A PROBLEMÁTICA DA FAUNA SALVAXE NAS PARROQUIAS**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a Medidas para combater a problemática da fauna salvaxe nas parroquias.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que constituen a corporación.

O Alcalde cede a palabra o concelleiro do grupo Rianxo en Común, Julian Bustelo Abuin, que da lectura a proposta presentada:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A pesar de que non se dispón de datos exhaustivos nin dun censo clarificador da situación actual así como da evolución en relación aos anos previos, non é aventurado dicir que dun tempo a esta parte a poboación de xabarís no país, e en particular na nosa comarca, se incrementou de maneira notable.

Os danos que esta especie causa anualmente nos cultivos son unha constante, mais son tamén o motivo de que cada vez sexa maior o número de hectáreas de terreos agrícolas sen cultivar no

noso concello, debido á resignación dos propietarios e propietarias sabedores de que, moi probablemente, o que planten acabe sendo danado polo porco bravo.

Estamos ante un problema estrutural cada vez máis acusado que non é abordado polas administracións, e en particular pola Xunta de Galiza, que é quen ten as competencias para poder atallar un problema coma este. Lonxe diso as medidas tomadas pola Xunta de Galiza ao respecto deste problema, ademais de insuficientes, son francamente incomprensibles e mesmo supoñen un risco para a seguridade das persoas, como é o caso das adoptadas a raíz da “declaración da emerxencia cinexética” recentemente efectuada polo goberno galego.

Outras veces o Pleno da Corporación do Concello de Rianxo ten adoptado acordos, que poderíamos cualificar de urxentes, ante a pasividade da administración autonómica para solucionar os problemas que lle atinxen ao noso municipio. Un dos últimos o acordo para a compra do Pazo de Rianxiño para adecualo como Centro de Día, por citar un exemplo.

Perante o problema que sinalamos máis arriba, pensamos que tamén o goberno rianxeiro pode, e debe, impulsar medidas dirixidas, xa non a controlar a poboación de xabaris cousa que lle debemos esixir á Xunta, senón a tratar evitar os danos que esta especie causa nos cultivos da veciñanza, particularmente dos residentes nos núcleos máis periféricos e máis próximos ao monte.

Tendo isto en conta, o Grupo Municipal de Rianxo en Común solicítalle ao Pleno da Corporación do Concello de Rianxo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Estudar a creación dunha liña de axudas a disposición dos propietarios de terreos cultivados para a incorporación de dispositivos e medidas de prevención contra os ataques do xabaril.
2. Propiciar, a través das medidas que se estimen oportunas, a diminución da extensión do monocultivo de eucalipto.
3. Instar á Xunta de Galiza a que asuma a responsabilidade civil subsidiaria dos danos causado polo xabaril no noso municipio.
4. Instar á Xunta de Galiza á realización dun estudo rigoroso sobre o censo e distribución das poboacións de fauna salvaxe máis problemáticas.
5. Trasladarlle estes acordos aos Grupos Municipais das Corporacións Municipais da comarca do Barbanza.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 3 votos a favor (2 membros de Rianxo en Común e 1 da concelleira do grupo



Ciudadanos), once votos en contra (5 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 3 dos membros do grupo PP ) e cero abstención dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta REXEITADA a moción.

#### **4 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: 8 DE MARZO**

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a Moción relativa a 8 DE MARZO.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Moción aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que constitúen a corporación.

O Alcalde cede a palabra o concelleiro do grupo BNG Tobias Betanzos Rego, que da lectura a proposta presentada:

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O vindeiro 8 de marzo o feminismo galego fará historia novamente, como xa fixo nos anos 2018 e 2019 cunha folga histórica. Baixo o lema “Sen coidados non hai vida. Mudando o sistema, derrubando o patriarcado” están convocados diversos actos preparatorios, unha manifestación nacional en Verín o 1 de marzo e numerosas convocatorias locais e comarcais para a propia xornada do 8 de marzo.

Con esta resposta e con esta campaña, o feminismo galego autoorganizado sitúa os coidados no centro do debate e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres.

Desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que corresponde ás institucións escoitar e recoñecer os debates que o feminismo galego está a colocar na axenda social e comprometer os nosos esforzos en corrixir as desigualdades que permanecen na Galiza de 2020.

Hoxe no noso país temos, malia que é ilegal, unha fenda salarial de máis de 4.000 euros entre homes e mulleres, que se dá tamén nas pensións de xubilación en máis de 400 euros. Así mesmo, sabemos que os coidados de maiores e crianzas recaen maioritariamente nas mulleres, quen continúan a ser con moito quen máis horas das súas vidas invisten nestes ámbitos.

Así mesmo, as galegas sufriron o deterioro dos servizos públicos básicos durante a recesión económica e as medidas tomadas polo Partido Popular. Tamén hai que ter en conta as repercusións para Galiza dun sistema de financiamento insuficiente tanto para a Xunta de Galiza como para os concellos, que son claramente discriminados e ao que se engaden as imposicións de déficit e restrición de gasto. Todo isto, xunto con decisións e recortes que se aplicaron desde as administracións galega e estatal, teñen derivado no infrafinanciamento de moitos servizos públicos. Esta situación tradúcese moitas veces na precarización destes servizos e das persoas

que traballan neles, como é o caso do Servizo de Axuda no Fogar.

Outro ámbito moi importante de discriminación na esfera dos coidados é o do traballo do fogar ou traballo doméstico. Tanto polas desigualdades vixentes na organización familiar e os limitados avances na corresponsabilidade como por ser un ámbito que agocha moitas formas de traballo precarizado e mesmo ilegal. Cumprida conta desta situación dan os datos que reflicten as grandes diferenzas que hai na distribución dos tempos no fogar entre homes e mulleres ou as consecuencias que o neoliberalismo ten en materia de precariedade, agravadas no caso de moitas mulleres migrantes.

É, ademais, un ámbito non suficientemente investigado e estudado mais que é evidente que ten un gran impacto na economía, que sería insostíbel sen esa achega non remunerada que lle regala a a vixencia do sistema patriarcal. Cómpre lembrar, por exemplo, que o valor xerado polas actividades no ámbito doméstico representaría o 50,6% do PIB de Galiza segundo a última Conta Satélite publicada no ano 2013 respecto do ano 2010 e con base 2008.

Por todas estas razóns, este 8 de marzo cómpre recoñecer o traballo do feminismo galego e contribuír desde esta institución a combater a precarización de servizos de coidados ocupados maioritariamente por mulleres, e a dar visibilidade ao que supón no noso sistema económico e social a contribución do traballo invisible dos coidados como paso necesario para construír unha nova orde social que supere o patriarcado.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### ACORDO

1. Recoñecer e apoiar as convocatorias do feminismo galego autoorganizado que neste 2020 colocan no centro do debate os coidados e as consecuencias para as mulleres galegas do sistema económico, social e político no que vivimos, que non podería sosterse sen coidados que se desenvolven en moitas ocasións de forma gratuíta ou a través da precarización de moitas mulleres, comprometéndose a traballar para que os poderes públicos contribúan a superar esta situación.
2. Demandar da Xunta de Galiza o seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:
  - 2.1. Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para que no primeiro semestre de 2020 estea en marcha o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Producción Doméstica.
  - 2.2. Realizar as actuacións necesarias para que no ano 2020 se desenvolva un profundo estudo, en colaboración coa universidade galega, do reparto do tempo nos fogares

galegos.

- 2.3. Comprometerse a iniciar a elaboración Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio que persiste na actualidade así como as vantaxes sociais dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.
3. Demandar da Xunta de Galiza a asunción dos programas relativos á Dependencia para garantir a súa prestación universal e en igualdade para todas as persoas usuarias, sen que iso dependa do Concello de residencia (con capacidades económicas diferentes, e que fai que por exemplo, os Concellos máis pequenos do interior xeralmente cunha media de idade máis alta, teñan que suspender a prestación dos servizos por non poder facer fronte ao complemento que a Xunta obriga a pagar aos Concellos). Transitoriamente, demandar da Xunta de Galiza e do Goberno central, o incremento da súa dotación orzamentaria de forma que se garanta a continuidade dos servizos e se melloren as condicións laborais e salariais das traballadoras.

O concelleiro do grupo municipal PP Francisco Rubio Vicente, ausentase da sesión plenaria durante a exposición da moción

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (5 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE, 2 membros de Rianxo en Común e 2 dos membros do grupo PP), cero votos en contra e unha abstención (da concelleira do grupo Ciudadanos) dos 13 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

Unha vez rematada a votación o concelleiro do grupo municipal PP Francisco Rubio Vicente, incorporase a sesión plenaria.

## **5 ROGOS E PREGUNTAS**

### **DELIBERACIÓNS**

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente

electrónico con número 2020/G010/000003 e identificado pola pegada dixital:

**b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4**

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

**<https://www.youtube.com/watch?v=ZjZCjnYD1Fw>**